

EXPEDIENTE 126

O cliente desexa recibir información sobre posibilidades para comprar no estranxeiro carne de calidade, de animais que pasten libremente, para a súa fábrica de *kebabs* e hamburguesas. É copropietario (socio) da empresa cárnica, xunto cos seus irmáns e curmáns, que deben autorizar a entrada de novos socios.

O cliente sabe que alguén lle comentou que estaría ben que contactase con explotacións gandeiras de dous países, pero non lembra cales dous dunha lista que adxunta.

Sector produtivo: ☐ primario ☐ secundario ☐ terciario
Tipo de empresa: ☐ SA ☐ SL ☐ cooperativa
Tipo de industria: ☐ de base ☐ de equipamento ☐ de consumo
☐ lixeira ☐ pesada

Tipo de explotación gandeira coa que desexa comerciar:

☐ intensiva ☐ extensiva
☐ de mercado ☐ de autoconsumo

O cliente desexa: ☐ importar carne ☐ exportar carne

Lista na que figuran os dous países que contan cunha importante gandería do tipo desexado polo cliente:

☐ Arxentina ☐ Australia ☐ Vietnam
☐ Mauritania ☐ Taiwan ☐ Finlandia